

B A N D O

A celebración do referendo da Constitución Europea, o próximo domingo 20 de febreiro, supón unha cita histórica para todos os cidadáns españois por canto seramos os primeiros cidadáns dos 25 países que na actualidade integramos a Unión Europea. Unha Unión que comezou con tan só seis membros e que hoxe agrupa a 450 millóns de cidadáns, de culturas e linguas distintas, que comparten e defenden unha comunidade de valores, unha comunidade que “nace da vontade dos cidadáns e dos Estados de construír un futuro común”.

Todo plebiscito conforma o cumio do exercicio da democracia, ao encauzar a vontade libremente expresada polos cidadáns. O exercicio deste acto tan aparentemente sencillo implica un dereito, e correlativamente un deber e unha responsabilidade cívica. O obxecto deste referendo no que se nos reclama o noso pronunciamento sobre o “Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa”, pode resultarnos erróneamente remoto ou alleo. Por isto vos pido, queridos cidadáns, unha breve reflexión sobre cómo se modificaron as nosas vidas cotiás desde que no ano 1986 España pasou a formar parte da Unión Europea. Desde aquela percorrimos un longo camiño, cos naturais titubeos e dúbidas que derivan da complexidade de harmonizar os dispares e ás veces contrapostos intereses dos distintos membros da Unión. A Constitución Europea, que abrangue aspectos políticos, económicos e sociais cunha mención especial aos dereitos fundamentais, supón un paso máis nesta aínda, un paso sobre o que se nos interroga para que nos pronunciemos o próximo domingo.

Sexa cal sexa a túa opinión, é o momento de expresarlle porque a todos nos afecta a construción dun espazo común de convivencia delimitado polos valores que recolle e expresa a Constitución Europea: a dignidade humana, a liberdade, o Estado de Dereito e a defensa e respecto, diante de todo, dos dereitos humanos. Son os cimentos sobre os que se constrúe a Europa que somos.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2005